



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE
TÉCNICO DE
Igualdade

Datos que fan historia
Efemérides pola igualdade de xénero



CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA



cel
Confederación de
Empresarios de Lugo



Confederación
empresarial de
Ourense



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

Co financiamento de:



**XUNTA
DE GALICIA**





CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE
TÉCNICO DE
Igualdade

31 de xaneiro. Nace Concepción Arenal



CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA



cel

Confederación de
Empresarios de Lugo



Confederación
empresarial de
Ourense



CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

Co financiamento de:



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

31 de xaneiro. Nace Concepción Arenal

(Ferrol, 31 xaneiro 1820 - Vigo, 4 febreiro 1893)

Témola sempre presente. En Galicia varias rúas e prazas levan o seu nome. Nas catro provincias. E, o cemiterio no que repousan os seus restos (Pereiró, en Vigo), ten unha entrada presidida por un espectacular monumento na súa honra.

Pero, neste día no que se conmemora o seu nacemento, queremos ter un recordatorio especial para esta inesquecible galega.

Esta escritora, feminista e activista dos dereitos humanos, con 21 aniños acudía (de oínte) ás clases da Facultade de dereito (en Madrid), nunha época na que a marxinación da muller era esmagadora; iso si, vestida de home e con identidade falsa, para poder asistir.

Dende moi nova escribe artigos de contido social para distintos periódicos. Durante a súa vida compaxinou a literatura cunha dimensión política, publicando obras a favor dos colectivos máis desfavorecidos, colaborando con institucións benéficas, creando unha sociedade dedicada á construción de casas a presos alcanzables para a clase obreira, e loitando por mellorar as condicións nas que se atopaban as persoas encarceradas.

As súas ideas feministas (que hoxe serían consideradas moi conservadoras), foron moi avanzadas para o seu tempo. Nas súas obras cuestiona o sistema patriarcal e reivindica a capacidade intelectual da muller e o seu dereito para recibir unha educación que lle permita desempeñar calquera profesión nas mesmas condicións que os homes.

Tivo apoio masculino.

Por unha banda, a influencia dun pai defensor do liberalismo (Ángel Arenal, que acabou sendo perseguido, xulgado e confinado como outros liberais da súa época), con firmes conviccións persoais de loitar polo que cree xusto, e, por outra, contraer matrimonio cun home avanzado para a época (o avogado e xornalista Fernando García Carrasco), que entendía as aspiracións de Concepción e contemplábaa nun plano de igualdade, determinante para que puidese dedicar o seu tempo ás súas inquietudes sociais e humanitarias.

Outra proba máis da importancia de que os homes participen de forma activa no impulso da igualdade de oportunidades para as mulleres.

É a forma segura de chegar a alcanzar unha igualdade real.

Grazas Concepción. Non te esquecemos.



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE
TÉCNICO DE
Igualdade

11 de febreiro

Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia



CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA



cel

Confederación de
Empresarios de Lugo

CEO



Confederación
empresarial de
Ourense



CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

Co financiamento de:



**XUNTA
DE GALICIA**



11 de febreiro

Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia

A Asemblea Xeral de Nacións Unidas, en decembro de 2015, aprobou unha resolución na que xustificaba a proclamación deste Día Internacional e destacaba as iniciativas para apoiar ás mulleres científicas e promover o acceso das mulleres e as nenas á educación, a capacitación e a investigación nos ámbitos *STEM* (*Science, Technology, Engineering and Mathematics*) levadas a cabo por distintas organizacións: Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), Entidade das Nacións Unidas para a Igualdade de Xénero e o Apoderamento das Mulleres (ONU Mulleres) e Unión Internacional de Telecomunicacións (UIT).

O motivo desta conmemoración:

Tendo en conta que un dos temas centrais de Nacións Unidas é a igualdade de xénero, a celebración deste día lembra a importancia de que as mulleres, dende nenas, se eduquen e capaciten en ciencia e tecnoloxía, como forma de impulsar a promoción da igualdade de acceso da muller ao pleno emprego e a un traballo decente.

Porque o apoderamento das mulleres contribuirá decisivamente, tanto no desenvolvemento económico mundial, como no progreso respecto dos 17 obxectivos e metas da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible (ODS).



Os ODS son medidas adoptadas por Nacións Unidas para protexer o planeta, loitar contra a pobreza e tratar de erradicala co obxectivo de construír un mundo máis próspero, xusto e sostible para as xeracións futuras.

Nas nosas universidades, as mulleres superan o 56% das persoas matriculadas, pero só arredor do 36% delas está no ámbito das *STEM* (*ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas*). E, concretamente naquelas 3 enxeñerías con maior potencial de empregabilidade no actual panorama do mercado de traballo, a porcentaxe é menor: 14% en enxeñería informática, 17% en enxeñería mecánica, e 19% en enxeñería eléctrica.

Desde o Gabinete de Igualdade queremos unírnos á conmemoración deste día, e animar a que se mostren e practiquen estratexias, boas prácticas e solucións orientadas a mellorar o futuro de mulleres e nenas; e, para iso, é fundamental:

- Visibilizar o traballo das mulleres que se dedican ás áreas STEM, creando así referentes femininos para as nenas, que contribúan a que elixan estas áreas como carreiras profesionais.
- Coñecer os distintos factores que afectan á situación actual da muller nas áreas STEM para fomentar prácticas que conduzan á súa eliminación e alcanzar a igualdade de xénero no ámbito científico.
- Reforzar os lazos entre a política, a sociedade e a ciencia para abordar os desafíos dos ODS.

As mulleres e as nenas constitúen a metade da poboación mundial, por tanto, a metade do seu potencial.

E, como xa sabemos, necesitamos TODO o talento.

Feliz Día da Muller e a Nena na Ciencia!



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE
TÉCNICO DE
Igualdade

8 de marzo
Día Internacional da Muller



CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA



cel

Confederación de
Empresarios de Lugo



Confederación
empresarial de
Ourense



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

Co financiamento de:



**XUNTA
DE GALICIA**



MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

8 de Marzo. Día Internacional da Muller

Desde o Gabinete Técnico de Igualdade da CEG queremos sumarnos á conmemoración deste día, no que as mulleres, a nivel mundial (e desde a súa instauración por Nacións Unidas en 1975) únense para celebrar xuntas a loita en prol da igualdade, a xustiza, o desenvolvemento e a paz.

Porque todas e todos debemos colaborar para que as mulleres acaden a súa participación, (en pé de igualdade cos homes), na sociedade e no seu desenvolvemento íntegro como persoas.

E para que sexa posible, o impulso da igualdade real dende o ámbito laboral é fundamental.

Bo día para todas!

The logo features the words "GABINETE TÉCNICO DE" in a blue, sans-serif font, stacked above the word "Igualdade" in a large, blue, cursive script font. A small upward-pointing arrow is at the end of the word "Igualdade".



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE
TÉCNICO DE
Igualdade

1 de maio. Día Internacional do Traballo



CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA



cel
Confederación de
Empresarios de Lugo



Confederación
empresarial de
Ourense



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

Co financiamento de:



**XUNTA
DE GALICIA**



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

1 de maio. Día Internacional do Traballo

Neste día, que se celebra, a nivel mundial, dende 1886, queremos aproveitar a oportunidade para destacar o seguinte:

- ☐ A necesidade de afrontar, no ámbito laboral, e practicamente a diario, novos retos e desafíos.
- ☐ Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), concretamente o nº 5:
 - ⇒ Acadar a igualdade entre os xéneros.
 - ⇒ Apoderar a todas as mulleres (e nenas).
- ☐ A necesidade de aproveitar todo o talento dispoñible, que poida achegar ideas e propostas innovadoras.
- ☐ A importancia de que ambas as partes continúen a traballar a través da negociación colectiva para poder acadar estes obxectivos.

E para finalizar, a seguinte mensaxe:

A igualdade de xénero no mercado de traballo debe ser unha prioridade. E é unha responsabilidade de todos e todas, non só delas, porque, cando as mulleres avanza, faíno tamén a sociedade no seu conxunto.

Todo un reto, polo que non nos cansamos de “*porfiar*”.

FELIZ DÍA DO TRABALLO!



GABINETE
TÉCNICO DE
Igualdade

Un canto (feminino) a Galicia



CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA



cel
Confederación de
Empresarios de Lugo



Confederación
empresarial de
Ourense



Co financiamento de:



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

Un canto (femenino) a Galicia

Dende 1963, e a pedimento da Real Academia Galega, o 17 de maio de cada ano celébrase o Día das Letras Galegas (festivo na nosa CCAA), para render homenaxe a persoas que destacasen pola defensa do galego ou pola súa creación literaria neste idioma.


A propia Real Academia Galega escolle anualmente unha persoa destinataria, sempre coa premisa de que pasasen polo menos dez anos desde a súa defunción.

Este ano dedicárase ao lucense Francisco Fernández del Riego (1913-2010) fundador da Editorial Galaxia, membro da xeración de intelectuais que deron continuidade ao ideario do Grupo Nós, que, destaca a RAG, “foi un loitador cultural incansable... respectado por todos e aberto ás diversas manifestacións do galeguismo”.

A elección do 17 de maio para esta celebración: coincidindo co día da publicación (en 1863, en Vigo) do primeiro exemplar da obra de Rosalía de Castro “*Cantares Gallegos*”, un conxunto de 37 poemas nos que unha voz feminina realiza un percorrido polos lugares máis relevantes da súa infancia e mocidade, reflectindo (e incitando) sentimentos patrióticos por esta terra, exalta a beleza folclórica e xeográfica de Galicia, reflicte o rexeitamento da autora aos prexuízos contra a súa terra, á vez que deixa constancia dos costumes sociais e culturais galaicos desa época.

Considérase que a publicación (e éxito) deste libro supuxo un fito fundamental para o posterior triunfo da literatura galega, o seu renacemento cultural.

A súa figura converteuse nun mito, que acabou representando o espírito de Galicia.



1.

*As de cantar
que ch'ei de dar zonchos;
as de cantar
que ch'ei de dar moitos.*

**Cantar t'ei, Galicia,
Na lingua gallega,
Consolo dos males,
Alivio das penas.**

28.

*Como chove mihudiño,
Como mihudiño chove,
Como chove mihudiño,
Pó-la banda de Laiño,
Pó-la banda de Lestrobe.*

Rosalía de Castro (1837-1885), naceu en Santiago de Compostela e morreu na súa casa de Padrón.

A irregularidade do seu nacemento e os acontecementos dos primeiros anos da súa vida deixaron un sinal no carácter e na obra de Rosalía. Fillá de solteira, cunha nai de familia fidalga, cuxo nacemento “*manchaba*” o seu rancio avoengo, e un pai cuxa condición sacerdotal impedíalle recoñecela, morreu nova, de cancro, aos 48 anos, e tivo unha infancia difícil que a marcou de forma indeleble, e impregna toda a súa obra, na que tamén se reflicte o ansia de dereitos para a muller, nunha sociedade totalmente patriarcal que relega a figura feminina ao ámbito privado, “*ás labores do fogar*” e rexeita a unha muller no mundo da literatura.

Queremos, por tanto, aproveitar o Día das Letras Galegas para, ademais de reivindicar a súa figura como o punto de partida do “*Renacemento*” cultural galego, destacar a súa contribución no impulso da igualdade de mulleres e homes.

Para iso, deixamos frases dalgúns dos seus libros:

□ ***La hija del mar, 1859***

“Porque todavía no les es permitido a las mujeres escribir lo que sienten y lo que saben”.

□ ***Flavio, 1861***

“..Decid que queréis vernos esclavas y no compañeras vuestras; decid que de un ser que sienta y piensa como vosotros queréis hacer unos juguetes vanos, unas máquinas...que, a medida de vuestro deseo, estén alegres...”

□ ***Las literatas. Carta a Eduarda, 1865***

“...y los hombres miran a las literatas peor que mirarían al diablo...”

“...y los hombres no cesan de decirte, siempre que pueden, que una mujer de talento es una verdadera calamidad...”

“...no dejar pasar nunca la ocasión de decirte que las mujeres deben dejar la pluma y repasar los calcetines de sus maridos...”

O contido de todo este artigo convida a compartir dúas frases:

Feliz Día das Letras Galegas!
Sigamos impulsando a igualdade!



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE
TÉCNICO DE
Igualdade↑

18 de setembro
Día Internacional da Igualdade Salarial



CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA



cel
Confederación de
Empresarios de Lugo



Confederación
empresarial de
Ourense



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

Co financiamento de:



**XUNTA
DE GALICIA**



MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

18 de setembro

Día Internacional da Igualdade Salarial

A igualdade salarial entre mulleres e homes é fundamental para alcanzar os obxectivos da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible (ODS), en concreto o Obxectivo 5: “*Lograr a igualdade entre os xéneros e apoderar a todas as mulleres e as nenas*”, e, especificamente, dúas das metas deste obxectivo 5:

- Asegurar a participación plena e efectiva das mulleres e a igualdade de oportunidades de liderado a todos os niveis decisorios na vida política, económica e pública.
- Aprobar e fortalecer políticas acertadas e leis aplicables para promover a igualdade de xénero e o apoderamento de todas as mulleres e as nenas, a todos os niveis.

Que se entende por igualdade salarial entre mulleres e homes?

Igual remuneración polo desempeño dun traballo de igual valor.
Considérase o principio para lograr a equidade salarial entre elas e eles.

Dende cando se conmemora esta data?

Desde 2020.

O 26 de novembro de 2019 a Asemblea Xeral da ONU decidiu aprobar a resolución A/RES/74/3999 do Consello de Dereitos Humanos proposta por 29 países (entre eles España) para que se conmemorase o Día Internacional da Igualdade Salarial. Nesta resolución instase aos Estados para que implanten políticas e leven a cabo accións para garantir a igualdade na remuneración. Todo iso, en colaboración con Nacións Unidas, o sector privado, sindicatos, organizacións empresariais e sociedade civil.

Resumindo: A igualdade salarial (equidade remunerativa) é un obxectivo necesario para lograr a realización dos dereitos humanos e a igualdade de xénero, requirindo o esforzo de todos e todas para acadala.

Que representa este día?

Os constantes esforzos por conseguir a igualdade salarial por un traballo de igual valor, e a loita polos Dereitos Humanos e contra todas as formas de discriminación, incluída a discriminación contra as mulleres e as nenas.

Cales son os obxectivos?

- ⇒ Lograr o emprego pleno e produtivo.
- ⇒ Garantir un traballo decente para todos os homes e mulleres, incluídos os mozos e as persoas con discapacidade.
- ⇒ A igualdade de remuneración por traballo de igual valor que figura nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, en particular no obxectivo 8, meta 5.

Motivos para conmemorar esta data:

- ☐ Segundo datos de Nacións Unidas, a brecha salarial de xénero a nivel mundial estímase nun 23%.
- ☐ O dato anterior frea de forma importante o avance do apoderamento e a igualdade das mulleres (como xa dixemos, parte dos ODS incluídos na Axenda 2023 por Nacións Unidas).

Parte da fenda salarial está relacionada coa discriminación por razón de sexo, a conciliación (o colectivo feminino é maioría nos contratos a tempo parcial para poder compatibilizar os coidados de persoas co emprego remunerado), as paredes de cristal (menor presenza de mulleres en determinados sectores, concentrándose en sectores peor remunerados) e o famoso teito de cristal (menor presenza de mulleres en postos de Dirección).

Para rematar, unhas significativas declaracións do secretario xeral de Nacións Unidas, António Manuel de Oliveira Guterres (2020):

“Debemos preguntarnos por que as mulleres son relegadas a traballos peor remunerados; por que as profesións en que predominan as mulleres, incluídos os traballos no sector da asistencia, teñen salarios máis baixos; por que tantas mulleres traballan a tempo parcial; por que as mulleres ven diminuír os seus salarios coa maternidade, mentres que os homes con fillos a miúdo gozan dun aumento salarial; e por que as mulleres se encontran cun tope infranqueable nas profesións con maiores ingresos”.

Feliz día da Igualdade Salarial!



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE
TÉCNICO DE
Igualdade

Día internacional da Tolerancia



CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA



cel
Confederación de
Empresarios de Lugo



Confederación
empresarial de
Ourense



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

Coa financiación de:



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

16 de novembro: Día Internacional da Tolerancia

En 1996, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas (resolución 51/95) convidou os Estados Membros a celebrar nesta data o Día Internacional da Tolerancia, destacando que un dos propósitos da ONU é lograr a cooperación internacional na solución de problemas de carácter económico, social, cultural ou humanitario e no desenvolvemento e estímulo do respecto aos dereitos humanos e as liberdades fundamentais de todos/as, sen facer distincións por motivos de raza, sexo, idioma ou relixión.

Con anterioridade, a UNESCO, (para o seu cincuentenario, o 16/10/1995) adoptara a *Declaración de Principios sobre a Tolerancia*, que afirma, entre outras cousas, que a tolerancia reconece os dereitos humanos universais, as liberdades fundamentais dos demais e a diversidade dos pobos. Esta Declaración describe a tolerancia como un requirimento político e legal para as persoas, os grupos e os estados (non só un deber moral).

As Nacións Unidas están comprometidas a fortalecer a tolerancia fomentando a comprensión mutua entre as culturas e os pobos.

Elementos crave para iso:

- ☐ Acceso á educación (non debemos esquecer que, a miúdo, a intolerancia ten a súa raíz na ignorancia e o medo ao descoñecido. Indispensable educar, desde a infancia, sobre os dereitos humanos)
- ☐ Acceso á información e un marco legal. Con leis nos distintos Estados que permitan aplicar leis sobre dereitos humanos e contra as discriminacións e promovendo normativa que protexa o dereito á información e a liberdade de prensa.
- ☐ Toma de conciencia individual e en todos os ámbitos. Unha sociedade intolerante é o resultado de sumar as intolerancias individuais e as de distintos ámbitos (familia, centros educativos, amizades, **centros de traballo...**).

Como todos e todas formamos parte da solución, desde o Gabinete de Igualdade da CEG **queremos conmemorar este día reivindicando un esforzo para non tolerar a violencia, en xeral, e nos Centros de Traballo en particular**).

Nestes tempos tan convulsos, “*traballemos*” a tolerancia como base fundamental dunha boa convivencia entre os seres humanos de diferentes culturas, razas, credos e modos de vida.

Porque a tolerancia é sinónimo de respecto, non serven nin a indiferenza nin a indulxencia.

igualdade@ceg.es

981 555 888



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE
TÉCNICO DE
Igualdade

19 de novembro
Día Internacional da Muller Emprendedora



CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA



cel
Confederación de
Empresarios de Lugo



Confederación
empresarial de
Ourense



CEP
CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

Co financiamento de:



**XUNTA
DE GALICIA**



MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

Día Internacional da Muller Emprendedora

A Organización de Nacións Unidas aprobou, en 1948, a declaración que reafirma que todas as persoas teñen dereito á liberdade, a igualdade e a dignidade, sen distinción polo seu sexo, raza, idioma, relixión ou calquera outra condición.

En 1975 a súa Asemblea Xeral declarou o ano Internacional da Muller. Finalmente, en 2014, o Consello de Nacións Unidas estableceu o 19 de novembro como o “*Día Internacional da Muller Emprendedora*”.

Obxectivo: recoñecer o valor e o esforzo das mulleres emprendedoras e sensibilizar á sociedade sobre as dificultades e obstáculos que aínda existen (especialmente para elas) a nivel financeiro e empresarial á hora de emprender. Polo tanto, a finalidade desta conmemoración anual non é outra que seguir traballando polo apoderamento feminino a nivel mundial, visibilizar á muller e, por suposto, erradicar a desigualdade de xénero, fundamentalmente a nivel salarial e económico en moitas partes do mundo.

En España xa sabemos que o colectivo feminino está preparado para achegar valor, e que o seu talento non é diferente do masculino, polo que pode ter e conseguir os mesmos salarios e logros que os homes. Concretamente en Galicia, de acordo co *Informe Global Entrepreneurship Monitor Galicia 2022-2023*, facendo unha análise da Taxa de Actividades Emprendedoras por sexo, faise patente un aspecto imparabile no emprendemento galego: o crecemento das iniciativas das mulleres. As emprendedoras ven máis oportunidades que os seus conxéneres masculinos, e cando emprenden fano, en maior medida que eles, para marcar unha diferenza no mundo e conceden menos importancia á xeración dun nivel de renda alta.

Pero aínda é necesario romper definitivamente cos prexuizos sociais sobre as capacidades das mulleres para ocupar postos de Dirección e responsabilidade, e, por suposto para dirixir negocios e fundar a súa propia empresa. No sector que desexe.

O emprendemento feminino nas últimas décadas foi moi positivo para a sociedade. Representa unha gran achega na xeración de ingresos, ademais de darlle á muller un maior apoderamento nun mundo onde os homes seguen tendo maiores oportunidades.

Sigamos apoiando ás mulleres que queiran emprender, dende todos os ámbitos, e, en particular, desde o empresarial. Lograr a igualdade será positivo para elas, pero tamén para a sociedade no seu conxunto.

Para todas as valentes que lograron superar todas as barreiras para crear o seu negocio:

Feliz Día da Muller Emprendedora!



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE
TÉCNICO DE
Igualdade

25 novembro

Día Internacional da Eliminación da Violencia contra
a Muller



CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA



cel
Confederación de
Empresarios de Lugo



Confederación
empresarial de
Ourense



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

Co financiamento de:



XUNTA
DE GALICIA



MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller

A Asemblea Xeral da ONU, por medio da resolución 54/134 do 17 de decembro de 1999, (aprobadada por 60 gobernos), designou o 25 de novembro como “*Día Internacional da eliminación da violencia contra a muller*” para acabar con este gran problema social, que “*abarca actos que causan dano ou sufrimento físico, sexual ou psicológico, así como ameazas, coacción ou privación da liberdade, tanto na vida pública como na vida privada*”.

A data elixida está relacionada co brutal asasinato, o 25 de novembro de 1960, pola policía secreta do ditador Leónidas Trujillo, das tres irmás Mirabal (na República Dominicana).

Lembremos que se entende por violencia contra a muller, que pode ser sexual, física e psicolóxica, e inclúe os seguintes supostos:

- matrimonio infantil.
- mutilación xenital.
- trata de persoas (escravitude, explotación sexual).
- violencia por parte dunha parella ou expareja (malos tratos físicos e psicolóxicos, violación conxugal, femicidio).
- violencia sexual e acoso (violación, actos sexuais forzados, insinuacións sexuais non desexadas, abuso sexual infantil, matrimonio forzado, axexo, acoso nas rúas e cibernético etc.).

Esta violencia deteriora a saúde física, sexual e psicolóxica das mulleres en todas as etapas da súa vida, afectando á súa educación, emprego e oportunidades (con maiores riscos para mulleres e nenas migrantes, indíxenas ou con discapacidades, en situacións de vulnerabilidade ou crise humanitarias).

Segundo os datos de Nacións Unidas, a violencia contra nenas e mulleres segue sendo, a nivel mundial, unha das violacións de dereitos humanos máis estendidas e xeneralizadas.

E, cando - tanto a ONU como a Organización mundial da Saúde (OMS) - obteñen datos, o resultado é desolador.

A nivel global, estímase que:

- Cada 11 minutos asesínase a unha muller.
- Na maioría dos casos, o agresor é a parella. En todo o mundo, case un terzo (27%) das mulleres (entre 15-49 anos) que tiveron unha relación de parella informan sufrir algún tipo de violencia física e /o sexual por parte da mesma.
- A violencia contra a muller (especialmente a sexual e a exercida pola súa parella) constitúe un grave problema de saúde pública e unha violación dos dereitos humanos do colectivo feminino.
- A violencia pode afectar negativamente á saúde física, mental, sexual e reprodutiva das mulleres e, nalgúns contornos, pode aumentar o risco de contraer o VIH.

- As estimacións mundiais publicadas pola OMS indican que ao redor dunha de cada tres mulleres (falamos dun 30%) no mundo sufriron violencia física e/o sexual de parella ou violencia sexual por terceiros polo menos unha vez na súa vida.
- En 2022 unhas 48.800 nenas e mulleres morreron como consecuencia da agresión de membros da súa familia, parella ou expareja.

Ademais, os datos obtidos indican que este problema social agrávase co cambio climático e os conflitos, e que se intensifica en distintos ámbitos, incluído o lugar de traballo, e a contorna dixital, e, con demasiada frecuencia, segue sendo silenciada por sistemas que facilitan, ademais da impunidade dos agresores, a vergoña e a estigmatización das vítimas.

Esta violencia contra a muller pode previr-se. Os sectores educativos e sanitarios teñen unha función importantísima que desempeñar para educar en igualdade os primeiros, e, os segundos, para proporcionar atención integral de saúde ás mulleres que sofren violencia, e como punto de entrada para derivalas a outros servizos de apoio que poidan necesitar.

E, por suposto, o ámbito empresarial ten moito que achegar. Tanto con protocolos internos contra calquera tipo de violencia e/o acoso nos centros de traballo, como coa súa colaboración e compromiso na difusión, información e formación sobre a materia, e incluíndo nas súas políticas empresariais a tolerancia cero e o absoluto rexeitamento contra calquera tipo de violencia.

Porque a solución radica en que todos os sectores da sociedade se impliquen para acabar coa impunidade, adoptando plans de acción e investindo en solucións para a súa prevención e eliminación.

Non hai que esquecer que a violencia contra a muller segue sendo un obstáculo para a igualdade, o desenvolvemento e a paz, así como para o respecto dos dereitos humanos.

A promesa dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) de non deixar que ninguén quede atrás, non poderá cumprirse sen primeiro poñer fin á violencia contra mulleres e nenas.

Ti, que estás a ler este artigo, tamén podes axudar: implícate e non mires cara a outro lado.

igualdade@ceg.es
981 555 888



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE
TÉCNICO DE
Igualdade

10 de decembro. Día dos Dereitos Humanos



CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA



cel

Confederación de
Empresarios de Lugo

CEO



Confederación
empresarial de
Ourense



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

Co financiamento de:



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

10 de decembro. Día dos Dereitos Humanos

Dende o Gabinete Técnico de Igualdade sumámonos a esta celebración, e aproveitamos para lembrar información fundamental relacionada con esta data e cos Dereitos Humanos.

Orixe:

En 2023 cómprese 75 anos da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH).

Tal e como figura na páxina da ONU, un dos compromisos mundiais máis revolucionarios, proclamada o 10 de decembro de 1948 en París pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, para proporcionar un entendemento común e universal do que son os dereitos para calquera persoa.

Elaborada por representantes de todas as rexións do mundo, con diferentes antecedentes xurídicos e culturais, como un ideal común para todos os pobos e nacións, esta Declaración xorde da gran perda de vidas humanas e atrocidades cometidas na II Guerra Mundial, con ánimo de servir de base para a consecución dun mundo construído sobre a paz, a xustiza e a liberdade.

Este é o contido do seu artigo 1:

"Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos"

Que se entende por dereitos humanos fundamentais?

Dereitos que, por ser inherentes á dignidade humana e por resultar necesarios para o libre desenvolvemento da personalidade, son normalmente recollidos polas constitucións modernas asignándolles un valor xurídico superior.

Que é exactamente a DUDH?

É o documento máis traducido en todo o mundo, dispoñible en máis de 500 linguas, que marcou un fito na historia dos dereitos humanos, xa que nel establécense, por vez primeira, os dereitos humanos fundamentais que deben protexerse en todo o mundo e conságranse os dereitos inalienables que toda persoa ten como ser humano, independentemente da súa raza, cor, relixión, sexo, idioma, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición.

Os 30 artigos da DUDH inclúen os dereitos básicos que toda persoa debe gozar para ter unha vida digna, e inclúen dereitos civís e políticos e dereitos económicos sociais e culturais; de forma simplificada poderían quedar así:

1. Todas as persoas nacemos libres e iguais
2. Non discriminación
3. O dereito á vida
4. Ningunha escravitude

5. Ningunha tortura
6. Tes dereitos sen importar onde vaías
7. Todos e todas somos iguais ante a Lei
8. A lei protexe os teus dereitos humanos
9. Ningunha detención inxusta
10. O dereito a un xuízo
11. Somos sempre inocentes ata que se probe o contrario
12. O dereito á intimidade
13. Liberdade de movemento
14. Dereito de buscar un lugar seguro onde vivir
15. O dereito a unha nacionalidade
16. Dereito ao matrimonio e a fundar unha familia
17. O dereito ás túas propias posesións
18. Liberdade de pensamento
19. Liberdade de expresión
20. O dereito para reunirse en público
21. O dereito á democracia
22. Dereito a seguridade social
23. Os dereitos das persoas traballadoras
24. O dereito para xogar, descansar e relaxarse
25. Comida e aloxamento para todos e todas
26. O dereito á educación
27. Dereitos de autoría (artística, literaria, ciencia...)
28. Un mundo xusto e libre
29. Responsabilidade cara aos/as demais.
30. Ninguén pode arrebatarche os teus Dereitos Humanos

Na Lei española 15/2022 do 12 de xullo, *integral para a igualdade de trato e non discriminación*, xa no seu preámbulo, fai referencia á DUDH:

I. Marco regulatorio

O artigo 14 da Constitución de 1978 proclama o dereito á igualdade e á non discriminación, citando como motivos especialmente rechazables o nacemento, a raza, o sexo, a relixión ou opinión, e prohibindo a discriminación por calquera outra circunstancia persoal ou social. Ademais, o apartado segundo do artigo 9 establece a obrigaón dos poderes públicos de promover as condicións e remover os obstáculos para que a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexa real e efectiva. Así, a non discriminación constitúese como un complemento do dereito á igualdade e como garantía do goce de todos os dereitos fundamentais e liberdades públicas. A súa vinculación inmediata coa dignidade da persoa, un dos fundamentos, segundo o artigo 10 da Constitución, da orde política e da paz social, expresa ademais o carácter necesario da igualdade como elemento esencial para a construción dunha sociedade cada día máis xusta.

Así mesmo, a non discriminación artículase como un principio básico da Declaración Universal de Dereitos Humanos, adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 1948.

Porque as solucións ás crises actuais teñen a súa orixe nos dereitos humanos...**lemremos:**

- É indispensable que os gobernos, as organizacións internacionais, as empresas e a sociedade civil traballemos de forma conxunta para asegurar que estes dereitos son respectados e protexidos en todo o mundo.
- Progreso non é sinónimo de que a loita polos dereitos e a igualdade finalizase (nin finalice nunca).
- A promoción e protección dos dereitos humanos é esencial para garantir a dignidade e o benestar de todas as persoas.

Feliz 10 de decembro!

GABINETE
TÉCNICO DE
Igualdade